



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Despós non andes decindo  
por aquí e por alí  
que non che iba salir ben  
bailar cantar alí-e;

Cando che digha a meu neno  
Maricarm'é boa moza  
cando cheghu'esa baranda  
espertarte nunha poza;

Ela faiche moita ...  
anda tocando na corna

...

... pueblo de Santa Comba;

Ti podes ir ben con ela  
non seas tan folghazán  
aínda che vai ela tamén  
a tocar a túa irmán-he.

Tod'a miña vida anduven  
por mete-lo meu no seu,  
agora que cho metín  
choras ti e canto eu-e  
Ai lo le lo...

Unha noite me colleron  
nunha fiada de lá,  
unha noite me colleron,  
outra non me collerán-he.  
Ai lo le lo, ai lo le...

Anduvéchesme chamando  
prim' aquí prim' acolá,  
echa vino, tabarnero  
que mi primo pagará-ie.  
Ai lo le lo...

Axúdam' aquí, Don Juan,  
no lugar da Rabadeira,  
axúdam' aquí, Don Juan,  
o mundo digh' o que queira.  
Ai lo le lo...



E dálle d'aquí-e  
e dálle d'alí-e  
debaixo das mantas  
/:por riba de tí-e (x3),  
e dálle d'aquí-e  
e dálle d'alí-e.